

Tirado do texto que acompaña a edición en DVD de Criterion. Pódese ler aquí: <http://www.criterion.com/current/posts/643-wr-sex-and-the-art-of-radical-juxtaposition>

Os intelectuais occidentais e os cinéfilos avanzados sentían en xeral, a mediados dos 60 e mediados dos 70, que o cinema revolucionario viña de Europa Occidental, América Latina e os EUA. Entre as obras máis significativas atopábanse os filmes de Godard en Francia, os documentais de axitación e propaganda do Newsreel e os seus derivados (como *Xeo* e *Milestones* de Robert Kramer), así como provocacións diversas como o *If...* de Lindsay Anderson, o 1+1 de Godard nos EUA e, en América Latina, filmes como *Lucía* (Cuba), *A hora dos fornos* (Arxentina) e *Antonio das Mortes* (Brasil).

En cambio, os filmes de arte e ensaio máis salvaxemente políticos que viñan de Europa do Leste nese momento -como os de Vera Chytilová, Miklós Jancsó, and Dušan Makavejev- eran tratados como simples curiosidades, aberracións que remataban por seren marxinaados por defecto. O feito de que proviñesen de países comunistas facía moito máis difícil que os "Occidentais" situasen, procesasen e entendesen eses filmes; en moitos casos, carecían do contexto adecuado para comprendelos.

Parte do problema era un certo empobrecemento, tanto intelectual como emocional, que viña desa visión unidimensional do Comunismo promovida pola Guerra Fría; mesmo dentro dos cinéfilos e esquerdistas mellor educados tendíase a agrupar todos os países do Leste como se fixesen parte dun mesmo e estereotipado páramo gris. Supoñíase que os comunistas eran todos pudorosos, e a revolución sexual e o Comunismo víanse máis ben como formas antagónicas de radicalismo antes que como partes diferentes dunha mesma loita (hai pequenas excepcións da norma, como os experimentos de "amor libre" en Rusia, exemplificados polo *menage à trois* de *Cama e sofá* de Abram Room, e o de certos círculos bohemios de esquerda en Occidente, como suxire timidamente en 1981 Roxos de Warren Beatty).

Con todas as súas diferenzas, *As margaridas* de Chytilová (1966), o *Salmo vermello* de Jancsó (1971) e WR: *Misterios do organismo* de Makavejev (1971) comparten dous trazos significativos: son notablemente menos pudorosas que calquera dos exemplos de cinema supostamente revolucionario arriba citados, e tamén bastante atrevidas formalmente. En efecto, sinceridade erótica e audacia formal están interconectadas nestes filmes. No caso da obra mestra de Makavejev, ámbalas dúas cousas son aspectos que derivan da estrutura dialéctica do filme, o cal explora a liberdade sexual e os seus perigos tanto en Nova York como en Belgrado, utilizando cada cidade

e as prácticas que se realizan nela como unha maneira de definir á outra. Quizais por ser considerado Makavejev como un intelectual posterior á Guerra Fría mesmo antes de que esta finalizase, estaba destinado a sufrir certos malentendidos a ambas beiras do Atlántico -de xeito moi semellante ao seu heroe Wilhem Reich, inconformista psicólogo austríaco que estuda e celebra o filme (e cuxas iniciais compoñen a primeira parte do título). Nado en Belgrado en 1932, Makavejev estudou Psicoloxía na universidade antes de entrar na escola de cinema, e eses dous intereses están unidos dunha maneira máis profunda do que en calquera dos seus filmes anteriores (aínda que o seu filme do ano 1967, *Un asunto amoroso ou o caso da telefonista desaparecida*, ofrece un claro precedente). Makavejev coñeceu a obra de Reich a principios dos 50, aproximadamente no mesmo momento en que estudaba a Freud e a psicoloxía da Gestalt, descubría o surrealismo francés e o cinema silente soviético a través da Cinemateca de Langlois, e facía os seus primeiros filmes afeccionados (algún dos cales tiveron xa certos roces coa censura iugoslava). Finalmente, a Fundación Ford deulle unha bolsa para financiar unha peregrinación aos EUA para rastrexar as últimas e desesperadas fases da carreira de Reich.

Reich fora un respectado analista na Viena dos anos 20, cando Freud o escolleu para ser o primeiro asistente da súa clínica. A continuación Reich uniuse ao equipo de profesores e chegou a ser vicedirector despois de publicar o seu gran libro, *A función do orgasmo* (1927), no cal defendía a importancia do orgasmo para ter unha boa saúde. Con isto, comezou a trazar o seu propio camiño desviándose de Freud ao combinar radicalismo de extrema esquerda cunha igualmente radical defensa da educación sexual. En 1930 mudouse a Berlín e ingresou no Partido Comunista, para publicar de seguido o seu pioneiro *Estudio do carácter* e, parcialmente en resposta ao ascenso de Hitler ao poder, *A psicoloxía de masas do Fascismo*, no que explica o fascismo como un síntoma da represión sexual. Estas publicacións e a súa política sexual pouco ortodoxa provocaron a súa expulsión do Partido Comunista en 1933. Os nazis tampouco estaban moi contentos co seu traballo, así que Reich deixou Alemaña con varias paradas en Escandinavia antes de establecerse ao final dos 30 nos EUA. Alí levou a cabo unha serie de experimentos derivados das súas teorías cada vez máis radicais en torno á saúde sexual - a libido como un fluxo de enerxía que regula o orgasmo, ou o concepto de coiraza corporal, un síntoma neurótico que evita regular esa enerxía. A mediados dos anos 50 o seu traballo levouno a ser perseguido polo goberno, a un longo xuízo e finalmente a ser sentenciado á cadea, onde morreu en 1957.

Non só foi a política da sexualidade senón tamén a sexualidade da política representada por Reich o que atraeu a atención de Makavejev. En WR Makavejev está menos interesado nos aspectos pseudocientíficos da teoría tardía de Reich, como a teoría do "orgón", que na teoría xeral de Reich que relaciona a sexualidade coa política e a psicoloxía. E ao guiar este énfase en estilos de vida sexuais e problemas cara América e Iugoslavia, Makavejev ofrece diversas aplicacións da terapia *reichiana* (desesperada e feliz ao mesmo tempo), así como segmentos documentais en New York que implican diversas prácticas e preferencias sexuais e, en Belgrado, unha historia de fic-

WR, O SEXO E A ARTE DA XUSTAPOSICIÓN RADICAL

JONATHAN ROSENBAUM

ción sobre unha feminista *reichiana* chamada Milena (Milena Dravic) que tenta seducir a Vladimir Ilych (Ivica Vidovic), un reprimido patinador do Bolshoi que se chama como Lenin. Todo isto conduce de maneira inevitábel a Joseph Stalin como símbolo fálico e erótico -o que se explora en profundidade a través tanto de representacións ficcionais do ditador como en aparicións reais en noticiarios. WR representa a apoteose da estratexia de xustaposición radical a través da montaxe que remite en última instancia a Sergei Eisenstein, un procedemento de montaxe de bloques aparentemente autónomos e dispares de materiais de ficción e documentais que reviviu décadas despois en propostas tan afiadas como 1+1 (a "montaxe do director" do filme de Godard de 1969 coñecido como *Sympathy for the devil*), *Dot dot dot* do arxentino Edgardo Cozarinsky e *Relacións informais americanas* de Mark Rappaport (1973)- filmes que teñen parecidas preocupacións formais que se reflicten nos títulos dos propios filmes. Estes colaxes filmicos celebran encontros inesperados entre elementos aparentemente incompatíbeis para ver o que resulta deses encontros, e Makavejev é claramente o mestre supremo dese subxénero - non só en WR mais tamén nos seus filmes anteriores *O home non é un paxaro* (1965), *O caso da telefonista desaparecida* (1967) e *Inocencia indefensa* (1968). Deste xeito WR opera nunha escala global, pero o mesmo principio de xustaposición pódese atopar nas escenas individuais. Milena, por exemplo, que tende a falar de sexo máis que practicalo -mesmo predica o amor libre á multitude de veciño e traballadores do edificio de apartamentos- ten unha luxuriosa compañeira de piso, Jagoda (Jagoda Kaloper), que revirte alegremente esas prioridades. E o feito de que tanto Milena como Jagoda estean interpretadas por actrices co mesmo nome de pia suxire pegadas dun certo impulso documental detrás da historia do filme.

Cun pensamento tan matizado e complexo como para ser cualificado de utópico, Makavejev entende o sexo como un desencadeante potencial de enerxías perigosas que ameazan no só os sistemas puritanos e autoritarios, mais tamén, en certos casos límite, a cordura (especialmente se consideramos este último termo definido legal e socialmente no canto de psicolóxica ou medicamente). Así, en WR, o éxito de Milena ao seducir a Vladimir Ilych lévaa á decapitación por parte dun dos patíns del - expoñendo certos misterios agochados do orgasmo así como certos organismos. Citando unha suxestiva fórmula proposta por Raymond Durgnat, o mundo de Makavejev é o dun marxista rabelesiano -un artista cun espírito tan dialéctico que é quen de xustapoñer unha celebración politicamente incorrecta de Nancy Goldfrey en Nova York esculpindo unha réplica en escaiola do pene erecto do editor de Screw Jim Buckley cunha canción satírica de Tuli Kupferberg sobre os vínculos destrutivos entre o sexo e a propiedade capitalista: "Voume matar encima do teu cadáver se fodes con alguén que non sexa eu". (Kupferberg e o seu amigo poeta

Ed Saunders lideraban unha banda neiorquina chamada The Fugs, da que escoitamos unha das súas ácidas cancións, "Kill for peace", mentres Kupferberg aparece con uniforme militar, casco e unha ametralladora nunha rúa preto do Lincoln Center. Gardo unha prezada memoria deste grupo clásico dos 60 tocando "Coca-Cola Douche" nun concerto gratuito no Tompkins Square Park no Lower East Side, cunha agradecida audiencia composta na súa maioría por vellos polacos e ucraínos.)

Os episodios americanos de WR tamén ofrecen segmentos que implican ao travestí e superestrela warholiana Jackie Curtis e á artista lesbiana e feminista Betty Dodson, que pinta os seus amigos mentres se masturban. Mais a empresa dialéctica do filme vai alén desas exploracións alí onde aparecen destas actividades relacionadas co sexo. Makavejev alterna a basta pero efectiva metraje en 16mm. de Kupferberg, Godfrey, Buckley, Curtis e Dodson en Nova York coa lograda metraje en 35mm. filmada en Belgrado. E ao facer que a alegórica historia desta última vire abertamente cara o fantástico, pódenos mostrar como a cabeza cortada de Milena continúa falando, como se quixese subliñar o feito de que considera que ningunha das cuestións que presenta están pechadas.

Makavejev usa tamén fragmentos de filmes nazis e estalinistas (incluíndo metraje de pacientes sometidos a electrochoque e tortura por auga), diferentes tipos de canción populares (así como música circense e música clásica) e informes da persecución de Reich nos EUA. En resumo, pódese dicir que este cineasta serbio estaba sen dúbida a buscar problemas, e tivoos a mans cheas: WR: *misterios do organismo* foi prohibida en Iugoslavia durante 16 anos, levándoo ao exilio. E a posterior e nalgúns aspectos máis transgresora *Filme doce* (1974) non tivo mellor sorte.

Poderíase argumentar que non só se arriscaba á censura senón á posibilidade de ser confundido cun ideólogo. É dicir, ao propor o mesmo tipo de xustaposición interrogativa/exploratoria de discursos ideolóxicos que coliden que o Godard d'A *chinesa* (1967) e o Spike Lee de *Fai o que debas* (1989), arriscábase a que o tomasen por un simple libertario anti-comunista-do mesmo xeito que Godard puido ser (e a miúdo foi) confundido cun maoísta, e Lee como un seguidor de Malcom X que rexeita o pacifismo de Martin Luther King.

De feito, Makavejev tenta algo moito máis difícil e valioso: un reconto crítico das posibilidades e limitacións de dúas sociedades contraditorias respecto do sexo. No seu convincente libro sobre o filme, Durgnat resume de maneira plausíbel parte do resultado como: "Os EUA teñen máis liberdade que socialismo, Iugoslavia ten máis socialismo que liberdade". Pero deberíamos sinalar que a comparación nunca toma a forma dun simple concurso onde só pode haber un gañador.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

XUÑ
2015

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na
Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3 DE XUÑO

As cintas do Fénix
(Phoenix Tapes, Matthias Müller /
Christoph Girardet,
Reino Unido, 1999, 47', VO) /
() (Morgan Fisher,
EUA, 2003, 20', VO)

10 DE XUÑO

Eduardo II
(Edward II, Derek Jarman,
Reino Unido, 1991, 90', VOSG)

17 DE XUÑO

W.R.: Os misterios do organismo
(W.R. - *Misterije organizma*, Dusan
Makavejev,
Iugoslavia, 1971, 85', VOSG)

24 DE XUÑO

Tearoom (William E. Jones,
EUA, 2007, 56', VO) /
*A caída do comunismo vista a través
do porno gay*
(*The Fall of Communism as seen in
gay pornography*, William E. Jones,
EUA, 1998, 19')